

**MEMORIA**  
**FINAL DE CURSO**  
**2023 – 2024**

**CEIP ISAAC PERAL**

## ÍNDICE

	<u>Páx</u>
<b>1. <u>DESCRIPCIÓN NUMÉRICA</u> .....</b>	<b>2</b>
a. Alumnado.	
b. Profesorado.	
c. Persoal non docente.	
<b>2. <u>ÓRGANOS DE GOBERNO</u> .....</b>	<b>2</b>
<b>3. <u>ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE</u> .....</b>	<b>3</b>
a. Equipos de ciclo.	
b. Comisión de Coordinación Pedagóxica.	
c. Equipo de Actividades Complementarias E Extraescolares.	
d. Equipo de Dinamización da Lingua Galega.	
e. Departamento de Orientación.	
<b>4. <u>DINAMIZACIÓNS</u> .....</b>	<b>4</b>
a. Dinamización da Biblioteca.	
b. Dinamización de Convivencia.	
c. Dinamización das TIC.	
<b>5. <u>PROXECTO DE ANTICIPACIÓN DE INGLÉS EN E. INFANTIL</u> .....</b>	<b>4</b>
<b>6. <u>OUTROS PROXECTOS DO CENTRO</u> .....</b>	<b>5</b>
<b>7. <u>ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS</u> .....</b>	<b>7</b>
<b>8. <u>AS FAMILIAS</u> .....</b>	<b>10</b>
<b>9. <u>HORARIOS</u> .....</b>	<b>11</b>
<b>10. <u>TEXTOS ESCOLARES E MATERIAIS CURRICULARES</u> .....</b>	<b>11</b>
<b>11. <u>OBRAS REALIZADAS E PENDENTES</u> .....</b>	<b>11</b>
<b>12. <u>MEMORIAS DE CICLOS</u> .....</b>	<b>13</b>
<b>13. <u>RESULTADOS XERAIS DAS AVALIACIÓNS</u> .....</b>	<b>15</b>
<b>14. <u>AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA</u> .....</b>	<b>18</b>
<b>15. <u>PLAN DE EVACUACIÓN</u> .....</b>	<b>19</b>
<b>16. <u>MEMORIA ECONÓMICA</u> .....</b>	<b>19</b>
<b><u>ANEXOS:</u> .....</b>	<b>21</b>
a. <u>Informe de memoria final de ciclos</u>	
b. <u>Memoria de Dinamización da Lingua Galega</u>	
c. <u>Memoria Plan dixital. Memoria DIXGAL</u>	
d. <u>Memoria da Biblioteca</u>	
e. <u>Memoria do Departamento de Orientación</u>	
f. <u>Memoria do PEM</u>	

## 1. DESCRIPCIÓN NUMÉRICA

Unidades: Ed. Infantil: 5 Ed. Primaria: 12 Total: 17

### 1.1. ALUMNADO

Educación Infantil				Educación Primaria					
Grupo	3 anos	4 anos	5 anos	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	26	30	24	50	31	41	48	44	49
<b>Total</b>	<b>Infantil: 80</b>			<b>Primaria: 263 Total a finais do 23/24: 343</b>					

### 1.2. PROFESORADO

Definitivo	24
Provisional	1
Interino	2
Substituto	2
P. laboral indefinido docente (prof. Relixión)	1
<b>TOTAL</b>	<b>30</b>

### 1.3. PERSOAL NON DOCENTE

Un administrativo, un subalterno e tres limpadoras/es.

Todo o persoal non docente depende da Consellería de Educación.

## 2. ÓRGANOS DE GOBERNO

### 1.1. UNIPERSOAIS:

Directora: *Marta López Díaz*

Xefa de Estudos: *María Sánchez Sánchez*

Secretaria: *Manuela T. Allegue Pérez*

### 1.2. COLEXIADOS:

#### 1.2.1. Consello Escolar

Foi legalmente renovado en decembro de 2022. Realiza as funcións atribuídas no regulamento de Centros e na LOMLOE.

Reuniuse en 8 ocasións.

### **1.2.2. Claustro**

Asume as competencias descritas no regulamento de Centros e na LOMLOE. Aprobáronse as actas regularmente. Reuniuse en 6 ocasións.

## **3. ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE**

### **Equipos docentes**

Funcións: control de obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliación nos diferentes ciclos, niveis e áreas. Elección de libros de texto. Preparación de actividades culturais e recreativas.

Funcionaron 4 equipos docentes: E. Infantil, 1º e 2º, 3º e 4º ; e 5º e 6º Primaria.

Reuníronse mensualmente para transmitir información e tomar acordos consensuados por todo o grupo.

As coordinadoras de ciclo foron:

Coordinadora de E. Infantil: Adela Mª Fernández Calvo.

Coordinadora do 1º ciclo de E. Primaria: Raquel Sedes Díaz.

Coordinador do 2º ciclo de E. Primaria: Raúl Bugallo Lago.

Coordinadora do 3º ciclo de E. Primaria: Emma Sela Pérez.

### **Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)**

Estivo formado polos coordinadores/as de ciclo, os membros do departamento de orientación, coordinadoras dos grupos dinamizadores, a xefa de estudos e a directora. Reuniuse trimestralmente varias veces, tratándose temas tan fundamentais coma as programacións didácticas, avaliación do alumnado, probas diagnósticas...

### **Equipo de actividades complementarias e extraescolares**

Estivo formado polos coordinadores/as de ciclo, coordinadoras dos grupos de dinamización da biblioteca e EDLG, a xefa do departamento de orientación e o equipo directivo, tendo este criterio por ver a necesidade do centro de coordinación de actividades complementarias e as saídas complementarias e extraescolares entre os diferentes grupos. Reuniuse varias veces ao trimestre e a súa función principal foi a de coordinar todo tipo de actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro.

### Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Estivo formado por representantes dos diferentes ciclos e a súa función foi fomentar o uso e dinamización da nosa lingua. Reuniuse mensualmente. Achégase memoria das actividades feitas.

### Departamento de Orientación

A súa composición foi a estipulada pola lei: Orientadora, coordinadores de ciclo e o profesorado de PT e AL.

Reuníronse mensualmente. Achégase memoria.

### Outros nomeamentos:

Dinamizadora de convivencia: M<sup>a</sup> Sandra López Suárez.

Coordinadora de benestar e convivencia: M<sup>a</sup> Pilar Dafonte Tizón.

Equipo ACAE: M<sup>a</sup> Pilar Dafonte Tizón e Paula Fernández García.

## 4. DINAMIZACIÓNS

### Dinamización da Biblioteca

Como hai bastantes anos, continuamos pertencendo ao PLAMBE (Plan Mellora de Bibliotecas Escolares). O noso proxecto deste curso foi “Cóntanos Peraliño!”.

Seguimos levando a cabo o **Plan Lector** en todos os cursos durante unha sesión diaria de 20 minutos.

O grupo reuniuse mensualmente. Achégase a memoria coas actividades realizadas.

### Dinamización das TIC

O centro pertence á rede de centros do proxecto Abalar. Dende xa hai varios cursos somos centro E-DIXGAL coa implantación de libros dixitais en 5º e 6º de Primaria. As dificultades atopadas son cada vez menores, aínda que sería máis positivo que houbera unha maior diversidade de editoriais ás que poder optar.

A aula virtual do centro está en funcionamento en todos os niveis educativos.

Durante este curso, o grupo TIC encargouse do desenvolvemento e seguimento do Plan Dixital de Centro.

## 5. PROXECTO DE ANTICIPACIÓN DA 1ª LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS)

Durante este curso impartíronse dúas sesións de 20 minutos de lingua inglesa en cada aula de E. Infantil. Ao igual que os pasados anos, seguiuuse a utilizar desde un primeiro momento a lingua oral como base fundamental apoiada con material didáctico educativo, tal como tarxetas de vocabulario, pósters, xoguetes de peluche, vídeos, pinturas, etc., e acompañando o proceso de aprendizaxe, as clases facíanse moi activas por medio de cancións, bailes, mimo, xogos simbólicos e moita expresión corporal.

A distribución do tempo foi suficiente e óptima. Consegúronse amplamente os obxectivos programados xa que os discentes lograron facilmente e de forma natural conectar cunha lingua distinta e allea e experimentaron a diferenza cultural e lingüística, achegándose así á diversidade intercultural a través da lingua.

## 6. OUTROS PROXECTOS E PLANS DO CENTRO

### **PROA +**

Partindo dos obxectivos dispostos na Resolución do 14 de xuño de 2021 e nas Instrucións do 13 de xullo de 2022, foi positivo o desenvolvemento do Programa PROA+. Leváronse a cabo accións de apoio, reforzo e orientación no nivel de 3º, 4º, 5º e 6º de E. Primaria, na área lingüística e matemática. Acadouse unha mellora no rendemento académico de practicamente todos os alumnos e alumnas participantes.

Se analizamos cada caso en particular, observaremos que os resultados son heteroxéneos, xa que as casuísticas persoais e académicas non son as mesmas para todo o alumnado.

O traballo e coordinación con todos os membros do claustro foi moi favorable desde o primeiro momento, buscando propostas de mellora tanto nos resultados académicos e consecución das competencias clave, como en aspectos sociais e emocionais, procurando favorecer a inclusión e a igualdade de oportunidades.

O alumnado, na súa maioría, mostrouse colaborador e moi receptivo. En moitos casos, a parte do reforzo curricular, recoñecían a necesidade do reforzo positivo que axudase a incrementar as expectativas (tanto cognitivas como emocionais).

Tamén se tiveron en conta as medidas de atención á diversidade para garantir a equidade e inclusión. As medidas foron as seguintes: a adaptación de tempos, reforzo educativo, adecuación da estrutura organizativa do centro e instrumentos e procedementos de avaliación.

### **PLAN DE IGUALDADE**

Leváronse a cabo actividades propostas na PXA para traballar a igualdade nas diferentes áreas curriculares (na etapa de primaria) e atendendo ao principio de globalización (na etapa de educación infantil). Ditas actividades serviron para reflexionar sobre os roles de xénero, a figura da muller, a conciliación familiar e laboral, o reparto de tarefas domésticas, a prevención da violencia de xénero, os insultos, as emocións...

A realización de dinámicas coeducativas e de fomento da igualdade formaron parte da rutina diaria.

### **PLAN DE EDUCACIÓN EMOCIONAL**

O plan de educación emocional tivo como liñas principais de traballo:

A busca de seguridade e estabilidade emocional de todos o noso alumnado no contexto escolar, imprescindible tanto no desenvolvemento da personalidade individual coma para o éxito do proceso de ensino - aprendizaxe.

O desenvolvemento de competencias emocionais no alumnado que lles permitan recoñecer as súas propias emocións, autorregularse e traballar no seu propio benestar.

A mellora no sentimento de grupo tanto a nivel de aula como de comunidade escolar.

A consecución dunha escola máis participativa e democrática, na que todos os membros da comunidade se sintan importantes e entendan o colexio como algo propio.

## SECCIÓNS BILINGÜES

Neste curso académico levouse a cabo a sección bilingüe na área de Educación Musical en 1º e 2º de Educación Primaria. O equipo está formado pola mestra de Inglés e xefa de estudos como coordinadora do mesmo e pola mestra de Música como profesora AICLE. Por terceiro ano consecutivo, a auxiliar de conversa continuou apoiando e reforzando o idioma estranxeiro na materia de Educación Musical e Inglés en diferentes cursos.

O obxectivo é mellorar a competencia lingüística e cultural do alumnado, así como a motivación cara a aprendizaxe da lingua estranxeira.

## 7. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O equipo de actividades extraescolares estivo formado polos seguinte profesorado:

PROFESOR/A	REPRESENTACIÓN
Marta López Díaz	Directora
María Sánchez Sánchez	Xefa de Estudos
Manuela T. Allegue Pérez	Secretaria e E. Infantil
Mª Pilar Dafonte Tizón	Orientadora
Susana Mª Aneiros Díaz	Coord. Extraescolares
Adela Mª Fernández Calvo	Coord. E. Infantil
Raquel Sedes Díaz	Coord. 1º ciclo EP
Raúl Bugallo Lago	Coord. 2º ciclo EP
Emma Sela Pérez	Coord. 3º ciclo EP
Mª Virtudes Pérez Corral	Din. Ling. Galega
Mª Amalia Fontes Rey	Din. Biblioteca

### 7.1. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

**Festas e conmemoracións:** Destacamos a ampla participación e colaboración do profesorado nestas actividades. As datas celebradas figuran a continuación:

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	DATA
Inauguración da biblioteca	Outubro
Samaín - Magosto	Outubro / Novembro
Día internacional contra a violencia de xénero	
Conmemoración da Constitución e do Estado de autonomía de Galicia	Decembro
Día da Declaración universal dos dereitos humanos	



Nadal	
Día da paz	Xaneiro
Entroido – Día de Rosalía	Febreiro
Día internacional da muller traballadora	Marzo
Día internacional dos dereitos do consumidor	
Semana da prensa	
Mes do libro	Abril
Semana das letras galegas	Maio
Os maios	
Día mundial do ambiente	Xuño
Acto de despedida de 6º	

○ **Actividades propostas polo Concello: Iniciación ao xadrez**

Como continuación dos cursos anteriores, este curso seguiu impartindo 1 sesión semanal de ½ hora de xadrez para o alumnado de 6º de E. Infantil e 1º, 2º e 3º de Primaria. Esta actividade, que está subvencionada polo Concello de Ferrol, desenvolveuse os xoves e venres en horario lectivo e foi levada a cabo por un monitor do Circulo Ferrolán de Xadrez.

○ Outras actividades:

- Carreira contra a leucemia infantil, patrocinada pola fundación “Unoentrecienmil”. Actividade levada a cabo coa colaboración da ANPA.
- Charla de expertos/as en E. Primaria.
- **ASPANEPS: “Ponte no meu lugar”**. 6º de E. Primaria.
- Charlas sobre o acoso escolar **do Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos:**
  - 5º e 6º de E. Primaria. Temas: o acoso escolar e ciberseguridade.
- Visita de Chelo Loureiro
- Fundación Meniños. Programa “Ben querer”. 5º e 6º de E. Primaria.
- Celebración por primeira vez do Festival de fin de curso no Teatro Jofre coa participación de todas as aulas do centro e a asistencia das familias.
- Actividades conxuntas de 6º de EP e o IES Saturnino Montojo.

○ Saídas complementarias:

CURSO	ACTIVIDADES
4º de EDUCACIÓN INFANTIL	Excursión ao Castelo de San Felipe. Exposición Playmóbil. Arsenal. Teatro con G. Teatro Jofre. Celebración do festival de fin de curso no teatro Jofre (quendas de mañá ou de tarde).
5º de EDUCACIÓN INFANTIL	Excursión ao Castelo de San Felipe. Contacontos na librería “Cantón 4” e visita á Feira do libro. Exposición Playmóbil. Arsenal. Teatro con G. Teatro Jofre. Celebración do festival de fin de curso no teatro Jofre (quendas de mañá ou de tarde).
6º de EDUCACIÓN INFANTIL	Excursión ao Castelo de San Felipe. Exposición Playmóbil. Arsenal. Teatro en Narón. Ghazafellos. Teatro con G. Teatro Jofre. Celebración do festival de fin de curso no teatro Jofre (quenda de mañá).
1º de EDUCACIÓN PRIMARIA	Etapa do Camiño Inglés Xubia- Neda. Concerto de “UDAIKO”. Fundación Abanca. Ferrol. Obra de teatro. “Ándale!” de Ghazafellos, no Pazo da cultura. Narón. Casa das Ciencias e Planetario. Ciclo de cinema “En galego, de película”: “Meigallos”. Correlingua: Concerto no Pazo da Cultura. Narón. Teatro con “G”: “As aventuras de Isaac Peral” e “A malvada historia de OZ”. Teatro Jofre. Celebración do festival de fin de curso no teatro Jofre (quendas de mañá ou de tarde).
2º de EDUCACIÓN PRIMARIA	Etapa do Camiño Inglés Xubia- Neda. Concerto de “UDAIKO”. Fundación Abanca. Ferrol.

	<p>Obra de teatro. "Ándale!" de Ghazafellos, no Pazo da cultura. Narón.</p> <p>Ciclo de cinema "En galego, de película". Teatro Jofre.</p> <p>Casa das Ciencias e Planetario.</p> <p>Castelo de San Felipe.</p> <p>Correlingua: Concerto no Concerto no Pazo da Cultura.</p> <p>Teatro con "G": "As aventuras de Isaac Peral" e "A malvada historia de OZ". Teatro Jofre.</p> <p>Celebración do festival de fin de curso no teatro Jofre (quendas de mañá ou de tarde).</p>
<p>3º de EDUCACIÓN PRIMARIA</p>	<p>Obra de teatro. "Ándale!" de Ghazafellos, no Pazo da cultura. Narón.</p> <p>Casa das Ciencias e Planetario.</p> <p>Visita ao concello.</p> <p>Ciclo de cinema "En galego, de película". Teatro Jofre.</p> <p>Saída á Casa do mel.</p> <p>Concerto didáctico no CMUS de Ferrol.</p> <p>Visita ao porto interior. Ferrol.</p> <p>Celebración de "Os maios". Praza de España.</p> <p>Correlingua: Concerto no Concerto no Pazo da Cultura. Narón.</p> <p>Teatro con "G": "As aventuras de Isaac Peral" e "A malvada historia de OZ". Teatro Jofre.</p> <p>Celebración do festival de fin de curso no teatro Jofre (quendas de mañá ou de tarde).</p>
<p>4º de EDUCACIÓN PRIMARIA</p>	<p>Escola de mobilidade (FIMO).</p> <p>Obra de teatro. "Ándale!" de Ghazafellos, no Pazo da cultura. Narón.</p> <p>Casa das Ciencias e Planetario.</p> <p>Visita ao Concello.</p> <p>Saída á Casa do mel.</p> <p>Celebración de "Os maios". Praza de España.</p> <p>Correlingua: Concerto no Concerto no Pazo da Cultura.</p> <p>Visita ao porto interior. Ferrol.</p> <p>Teatro con "G": "As aventuras de Isaac Peral" e "A malvada historia de OZ". Teatro Jofre</p>

	Celebración do festival de fin de curso no teatro Jofre (quendas de mañá ou de tarde).
5º de EDUCACIÓN PRIMARIA	<p>Andaina á Cabana.</p> <p>Participación no “IV Festival escolar do Camiño Inglés”.</p> <p>Celebración de “Os maios”. Praza de España.</p> <p>Teatro con G: “H2...OH”.</p> <p>Correlingua: Concerto no Concerto no Pazo da Cultura. Narón.</p> <p>Teatro con “G”: “As aventuras de Isaac Peral” e “A malvada historia de OZ”. Teatro Jofre.</p> <p>Celebración do festival de fin de curso no teatro Jofre (quendas de mañá ou de tarde).</p>
6º de EDUCACIÓN PRIMARIA	<p>Andaina á Cabana.</p> <p>Teatro en galego “Os náufragos”. Pazo da cultura. Narón.</p> <p>Participación no “IV Festival escolar do Camiño Inglés”.</p> <p>Roteiro modernista por Ferrol.</p> <p>Teatro con G: “H2...OH”.</p> <p>Celebración de “Os maios”. Praza de España.</p> <p>Correlingua: Concerto no Concerto no Pazo da Cultura. Narón.</p> <p>Visita ao IES Saturnino Montojo</p> <p>Fin de curso: Albergue del Pas. Cantabria. (Excursión de cinco días).</p> <p>Celebración do festival de fin de curso no teatro Jofre (quendas de mañá ou de tarde).</p>

## **7.2. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

### **A) Excursións**

E. Infantil	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Granxa- escola do Beelle.</li> </ul>
1º E. Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Parque Marcelle- Natureza.</li> </ul>
2º E. Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Parque Marcelle- Natureza.</li> </ul>
4º E. Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Parque multiaventuras “Galipark”. Padrón.</li> </ul>
5º E. Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Aquapark de Cerceda.</li> </ul>
6º E. Primaria	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Etapa do camiño de Santiago: O Couto – Cabanas.</li> <li>• Viaxe a Cantabria.</li> </ul>

**B) Polas tardes, en horarios de 16:00 a 17:30** leváronse a cabo:

- Un programa municipal de Actividades Extraescolares subvencionadas polo Concello. As actividades foron as seguintes:
  - Robótica
  - Contacontos
  - Ludoteca
  - Baile moderno
  - Lingua de signos
  - Debuxo e pintura
  - Ximnasia rítmica
  - Patinaxe
  - Hip hop
  - Teatro
  
- Actividades non subvencionadas propostas pola ANPA:
  - Taller de Arte

## 8. AS FAMILIAS

### REUNIÓNS TITORIAIS

Atención a pais e nais: Todo o profesorado tivo unha hora semanal de visita de pais e nais, os martes, de 16:00 a 17:00 h.

Reunións xeral de pais e nais do mesmo nivel: Fíxose como mínimo unha reunión colectiva en todos os niveis, aínda que en varias titorías realizáronse varias reunións coas familias.

### ANPA

A ANPA colaborou na organización de festas, conmemoracións e organización de eventos: carreira solidaria contra a leucemia, Nadal, Entroido, festival de fin de curso...

## 9. HORARIOS

Durante o presente curso o horario xeral do centro foi de 9:00 a 14:00 h en E. Infantil e de en E. Primaria. Debido a que durante os cursos anteriores as entradas do alumnado resultaron mellor a nivel organizativo, aprobouse na PXA que as portas do centro se abran

ás 8:50 e que poidan ir entrando ás aulas a medida que chegan, sen necesidade de formar filas na entrada. Esta medida valorámola moi positiva.

O profesorado completou o seu horario de obrigada permanencia no centro as tardes dos martes, de 16:00 a 18:30 h., todos os días de 8:50 a 9:00 h. e unha segunda tarde de garda de 16 a 17:40 h. Cumpríronse os horarios tal e como foron especificados na PXA.

## **10. TEXTOS ESCOLARES E MATERIAIS CURRICULARES**

A relación de textos empregados foi a especificada na PXA. As familias acolléronse ao programa de Axudas de libros, de Fondo de libros e de axudas para material escolar.

O alumnado de 5º e 6º de primaria non tivo libros impresos, senón que utilizou libros dixitais (Proxecto E-DIXGAL).

## **11. OBRAS EXECUTADAS E PENDENTES**

### **OBRAS EXECUTADAS**

- Reparación de persianas.
- Substitución de fluxores en cisternas e na fonte do patio.
- Colocación dunha tapa nun tubo do xardín.
- Reparación das baldosas deterioradas do patio que supoñen perigo.
- Pintado de parede na sala do profesorado.
- Colocación de tarima na aula de psicomotricidade.

### **OBRAS PENDENTES**

- Renovación dos servizos da planta alta do edificio de E. Primaria e os do edificio de E. Infantil.
- Pintado das fachadas dos dous edificios.
- Pintado dos muros perimetrais do centro.
- Colocación de tarima e pintado do D.O. porque a cortiza está en moi mal estado.
- Ampliación do patio cuberto.

## 12. INFORME DE MEMORIA FINALDE CICLOS

Ver ANEXOS. Xerouse o informe da memoria de ciclos a través da aplicación PROENS.

## 13. RESULTADOS XERAIS DAS AVALIACIÓNS DE EDUCACIÓN PRIMARIA


RESULTADOS GLOBAIS DA AVALIACIÓN ORDINARIA						
CURSO	Non promocionan	Imperativo legal	Promocionan	Total con avaliación - negativa	Avaliación Positiva	Nº total alumnos
1º A	0	0	25	1	24	25
1º B	0	0	25	0	25	25
2º A	0	0	16	0	16	16
2º B	0	0	15	1	14	15
3º A	0	0	21	3	18	21
3º B	0	0	20	3	17	20
4º A	0	0	24	2	22	24
4º B	1	2	23	5	19	24
5º A	0	0	22	6	16	22
5º B	0	0	22	2	20	22
6º A	0	0	24	2	22	24
6º B	0	0	25	4	21	25

<b>RESULTADOS GLOBAIS DA AVALIACIÓN ORDINARIA</b>						
<b>CURSO</b>	<b>Avaliación Negativa</b>				<b>Avaliación Positiva</b>	<b>Nº total alumnos</b>
	<b>1 Área</b>	<b>2 Áreas</b>	<b>Máis de 2 áreas</b>	<b>Total con avaliación negativa</b>		
1º A	1	0	0	1	24	25
1º B	0	0	0	0	25	25
2º A	0	0	0	0	16	16
2º B	1	0	0	1	14	15
3º A	1	1	1	3	18	21
3º B	1	0	2	3	17	20
4º A	2	0	0	2	22	24
4º B	1	0	4	5	19	24
5º A	3	3	0	6	16	22
5º B	2	0	0	2	20	22
6º A	0	1	1	2	22	24
6º B	0	3	1	4	21	25




## RESULTADOS DA AVALIACIÓN

■ Avaliación positiva    ■ Avaliación negativa



RESULTADOS GLOBAIS DA AVALIACIÓN ORDINARIA									
CURSO	Avaliación Negativa								Asignatura con máis dificultade
	CN	CS	LC	LG	MAT	ING	EPV EA	REL PC VAL	
1º A	0	0	0	0	1	0	0	0	MATEMÁTICAS
1º B	0	0	0	0	0	0	0	0	
2º A	0	0	0	0	0	0	0	0	
2º B	0	0	0	0	1	0	0	0	MATEMÁTICAS
3º A	0	0	2	2	2	0	0	0	MATEMÁTICAS. LC e LG
3º B	0	1	1	0	2	3	0	0	INGLÉS
4º A	0	0	0	2	0	0	0	0	LG
4º B	3	2	2	4	4	4	0	0	MATEMÁTICAS. LG e INGLÉS
5º A	0	2	0	2	4	1	0	0	MATEMÁTICAS
5º B	0	0	0	0	0	2	0	0	INGLÉS
6º A	0	0	2	1	1	1	0	0	LC
6º B	0	0	2	2	2	3	0	0	INGLÉS

## MATERIA CON MÁIS DIFICULTADE



## **14. AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA**

Valoraranse todas as aportacións de mellora realizadas polos ciclos para a organización do vindeiro curso.

## **15. PLAN DE EVACUACIÓN**

Leváronse a cabo un simulacro do plan de evacuación. O resultado foi óptimo cunha valoración positiva.

## 16. MEMORIA ECONÓMICA

O centro dispón de dotacións que proveñen da Xunta e do Concello. A dotación do Concello non é ingresada na conta do centro, por ese motivo están especificadas por separado.

### XUNTA

Saldo 1-9-23	24.167,08 €
--------------	-------------

2023	
3º pago XUNTA	4.749,00 €
PLAMBE	1.070,00 €
Dinam. Lingüística	453,00 €
Fotocopias	400,00 €
Seccións bilingües	300,00 €
Fondolibros	1.680,00 €
Anticipo gastos compl. 24	6.800,00 €
	15.452,00 €

2024	
1º pago XUNTA	7.328,00 €
Fotocopias	430,00 €
2º pago XUNTA	5.496,00 €
	13.254,00 €

Haber 1-9-23	24.167,08 €
Ingresos curso 23-24	28.706,00 €
<b>Saldo total</b>	<b>52.873,08 €</b>

Gastos curso 23-24	29.297,03 €
<b>Saldo 26-6-24</b>	<b>23.576,05 €</b>

### CONCELLO

<b>Presuposto 2023-24</b>	10.545,61 €
---------------------------	-------------

De xullo a decembro	
Haber 1-9-23	10.545,61 €
Gastos	8.628,07 €
Saldo 31-12-23	1.917,54 €

De xaneiro a xuño	
Haber 1-1-24	1.917,54 €
Gastos	1.557,91 €
<b>Saldo 26-6-24</b>	<b>359,63 €</b>

**Ferrol, a 28 de xuño de 2024**

**A directora**